

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE REDONDELA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO NAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (IES) ILLA DE SAN SIMÓN, EN REDONDELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Redondela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos desde a súa sinatura, sen prexuízo que as obras deben estar rematadas a 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das liñas de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Redondela para a construción dunha pista de atletismo no Instituto de Educación Secundaria (IES) Illa de San Simón de Redondela, así como acordar as liñas xerais para a apertura ao uso xeral das instalacións deportivas fóra do horario lectivo dos centros públicos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- O artigo 25.2.l da Lei 7/1985, do 2 de abril establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Estas competencias tamén se atribúen aos concellos na normativa autonómica, letra n) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



Segundo.- O artigo 8.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións, cada unha no ámbito das súas competencias, para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nela.

A disposición adicional décimo quinta da mesma norma prevé o establecemento de procedementos e instrumentos que favorezan e estimulen a xestión conxunta coas administracións locais e a colaboración entre os centros educativos e as administracións públicas.

Terceiro.- Do mesmo xeito, a disposición adicional segunda da Lei 5/2014, do 27 de maio (DOG do 30), de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización sustentabilidade da Administración local, tamén regula consonte as previsións da normativa básica estatal, a cooperación económica, técnica e administrativa, voluntaria pola súa propia natureza, entre a administración local e a administración da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior e con base no principio de colaboración interadministrativa en asuntos de interese común que debe presidir a actuación das administracións públicas, e dado os obxectivos coincidentes, ambas partes manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento no proxecto obxecto deste convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

